

O PROGRAMA ERASMUS+: INTERNACIONALIZANDO O IES CAMPO DE SAN ALBERTO

SALETA ALBERTI PULET
12/11/2025



Cofinanciado por
la Unión Europea

Que é o Programa Erasmus+?

- Erasmus+ é o programa da UE para apoiar á educación, á formación, a xuventude e o deporte en Europa.
- Ofrece oportunidades de mobilidade e de cooperación en tódolos ámbitos da Educación e da Formación
- Na actualidade atopámonos no Programa Erasmus+ 2021-2027

Cantas Accións Clave hai? (As famosas KA)

- Acción clave 1 (KA1): Mobilidade das persoas
- Acción clave 2 (KA2): Cooperación entre organizacións
- Acción clave 3 (KA3): Respaldo ao desenvolvemento de políticas

Cada acción clave traballa de xeito diferente para a mellora dos centros educativos, a nivel individual e colectivo, a nivel nacional e a nivel europeo.

O KA1, de que vai?

- ⦿ Acción clave 1 (KA1): Mobilidade das persoas:
 - Mobilidades de estudantes e de persoal
- ⦿ A nova Acción clave 1 podémola imaxinar como unha **gran rede europea de miles de centros educativos que colaboran e intercambian alumnado e profesorado.**
- ⦿ Atopamos 4 sectores educativos:
 - Educación Superior (HED)
 - Educación Escolar (SCH)
 - Formación Profesional (VET)
 - Educación Adultos (ADU)

- ⦿ Dúas vías de participación para o sector escolar e para VET:
 - Proxecto acreditado ou Proxecto non acreditado de corta duración:
 - Mobilidade de alumnado e persoal de educación escolar:
 - Proxecto acreditado (Acreditación (KA120) + Proxecto Acreditado (KA121))
 - Proxecto de corta duración (KA122)
- ⦿ Unha única vía para participar no sector da Educación Superior:
 - Contar coa CARTA ECHE ou Acreditación

Actividades de movilidad en Educación escolar (SCH)

⦿ Movilidad do persoal:

- Aprendizaxe por observación (2 a 60 días)
- Estancias de ensino (2 a 365 días)
- Cursos e formación (2 a 30 días)

⦿ Movilidad do alumnado:

- Movilidad en grupo (mínimo 2 alumnos) (2 a 30 días)
- Movilidad individual de corta duración (10 a 29 días)
- Movilidad individual de longa duración (30 a 365 días)

Outras actividades

- Acollida de expertos invitados (2 a 60 días)
- Acollida de profesores noveles o en formación (10 a 365 días)

Actividades de mobilidade en Formación Profesional (VET)

● Mobilidade do persoal:

- Aprendizaxe por observación (2 a 60 días)
- Estancias de ensino (2 a 365 días)
- Cursos e formación (2 a 30 días)

● Mobilidade do alumnado:

- Mobilidade en grupo (mínimo 2 alumnos) (2 a 30 días)
- Mobilidade individual para prácticas (10 a 89 días)
- Mobilidade individual para prácticas ErasmusPro (90 a 365 días)

Outras actividades

- Acolloida de expertos invitados (2 a 60 días)
- Acolloida de profesores noveles ou en formación (10 a 365 días)

Actividades de mobilidade en Educación Superior (HED)

- ⦿ Mobilidade do persoal:
 - Mobilidade do persoal para docencia (2-60 días)
 - Mobilidade do persoal para formación (job shadowing ou cursos (2-60 días)
- ⦿ Mobilidade do alumnado:
 - Mobilidade de estudantes para estudos (2-12 meses).
 - Mobilidade de estudantes para periodos de formación práctica (2-12 meses).
- ⦿ Pódense facer mobilidades cara países que non pertencen á UE (20% do presuposto)

Que significa INTERNACIONALIZAR un centro educativo a través de Erasmus+?

- ◉ Estar aberto á innovación e ao cambio.
- ◉ Aumentar os horizontes do alumnado e do profesorado
- ◉ Entender que a mobilidade é o medio (moi motivador!), non o fin.
- ◉ Alcanzar unha estrutura de centro que facilite a entrada e saída de alumnado e de profesorado.
- ◉ Ter flexibilidade para implementar cambios (metodolóxicos, de espazos, organizativos...)
- ◉ Estar aberto á cooperación con outros centros.
- ◉ Ter/alcanzar unha mentalidade aberta, promover os principios Erasmus e os valores europeos.

Xa sabemos que é Erasmus, pero que non é?

- ◉ Facer unha excursión a París cun grupo de 30 rapaces/as pode resultar moi enriquecedor, pero non é Erasmus+
- ◉ Facer un curso de inmersión lingüística en inglés para o alumnado en Irlanda mellora as capacidades lingüísticas, pero non é Erasmus+
- ◉ Facer un intercambio escolar cun centro italiano enfocado a contidos artísticos ou de cultura clásica contribúe á formación do alumnado, pero tampouco é Erasmus+.
- ◉ Facer unha viaxe cultural a calquera país europeo non é Erasmus+.

- **Con proxectos Erasmus+, cubrimos os obxectivos plantexados para as actividades anteriores, pero Erasmus+ é moito máis:**
- **é coñecer** outros sistemas educativos,
- **é unha aposta estratéxica** (non puntual),
- **é cooperar e compartir** con outros centros educativos europeos,
- **é xerar resultados de impacto,**
- **é contribuir á mellora** do centro e dos sistemas,
- **é contribuir á consecución dos obxectivos do espazo europeo de educación...**

Como podemos internacionalizar o noso centro a través do Programa Erasmus+ e non morrer no intento?

- Con moita paciencia e sobre todo, apoiarse nun bo equipo.
- Familiarizarse coa terminoloxía: BM, KA, Ulises, Sede, SEPIE, etc.
- Contar co equipo directivo (pero non só para que asine e xa está)
- E facer unha reflexión seria de que é o que queremos conseguir no centro.

Cales son as prioridades do Programa Erasmus+ 2021-2027?

- Inclusión e diversidade
- Transformación dixital
- Medio ambiente e loita contra o cambio climático
- Participación na vida democrática, valores comúns e compromiso cívico

Igualdade e diversidade para o Programa Erasmus+

- ◉ É unha das 4 prioridades que todo proxecto debe incluír
- ◉ Pretende deste xeito que o Programa sexa para todas as persoas
 - Non só para o alumnado brillante ou mellor conectado
- ◉ Trátase de favorecer e crear un marco para facilitar ás persoas con menos oportunidades a súa participación.

E como o podemos facer?

- Cun proxecto específico centrado na Inclusión
- Ou a partir de proxectos nos que se teña en conta (adoptando un enfoque inclusivo)

- ◉ O que se pretende é que grazas aos proxectos do Programa Erasmus+
- “axudar a superar os obstáculos aos que poidan enfrentarse os distintos grupos destinatarios para acceder a ditas oportunidades en Europa e fora dela.”

Cales son esos obstáculos?

- Persoas con discapacidades
- Problemas de saúde
- Obstáculos vinculados aos sistemas de educación e formación
- Diferencias culturais
- Sociais
- Económicos
- Discriminación por xénero, idade, orixe étnico, crenzas, orientación sexual, etc.
- Xeográficas: vivir en zonas remotas ou rurais

⦿ Cales destas barreiras atopamos no noso centro?

- Iso é o que temos que detectar

E así con todas as liñas do programa:

- ⦿ Transformación dixital
- ⦿ Medio ambiente e loita contra o cambio climático
- ⦿ Participación na vida democrática, valores comúns e compromiso cívico

⦿ Onde atopamos toda a información?

- Na páxina do SEPIE que é a nosa biblia
 - www.sepie.es